

ADDENDA Nº1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO DENOMINADO IDAE NÚM. PR-D5000-2021-000382 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XV: INSTALACIÓN DE ALUMEADO EFICIENTE E INTELIXENTE NOS MUNICIPIOS DE A CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADA, CUNTIS, DOZÓN, FORNELOS DE MONTES, PONTECESURES, RIBADUMIA, RODEIRO, SILLEDA E TOMIÑO” PARA A MODIFICACIÓN DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN E A CLÁUSULA RELATIVA AO FINANCIAMENTO

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV):2BW3UUJ03KLBZO15



ADDENDA Nº1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO DENOMINADO IDAE NÚM. PR-D5000-2021-000382 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XV: INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EFICIENTE E INTELIXENTE NOS MUNICIPIOS DE A CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADA, CUNTIS, DOZÓN, FORNELOS DE MONTES, PONTECESURES, RIBADUMIA, RODEIRO, SILLEDA E TOMIÑO” PARA A MODIFICACIÓN DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN E A CLÁUSULA RELATIVA AO FINANCIAMENTO

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Don Luis López Diéguez, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Da outra, Don Emiliano Lage Rodríguez, quen actúa no nome e representación do Concello de Fornelos de Montes, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

E actuando Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que en data 23 de outubro de 2023, o Concello de Fornelos de Montes e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron o convenio de colaboración para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: Instalacións de alumeado eficiente e intelixente nos municipios de A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”. Nel, establécese que o ámbito de actuación é o seguinte con arranxo ao recollido na memoria descritiva do citado proxecto dentro do termo municipal do concello de Fornelos de Montes:



Concello de Fornelos de Montes	
Fornelos de Montes	No concello de Fornelos de Montes vaise a actuar en 234 luminarias das 1.327 totais existentes no municipio, substituíndo 234 luminarias por novas de tecnoloxía LED. Respecto a os cadros de mando, o proxecto contempla actuacións en 2 dos 31 existentes no municipio, os cales van ser reformados para adaptalos á normativa vixente. Ademais, instalarase un sistema de tele xestión nos cadros de mando que permita obter e xestionar información detallada sobre consumos, mantemento e fluxos luminosos. Con esta actuación diminuírse a potencia de 37,55 kW a 11,73 kW e conseguirase un aforro enerxético estimado do 69%.

Tamén se estipula na cláusula terceira, de “importe e financiamento” que:

O Concello financiará o importe restante, é dicir, seis mil oitocentos corenta e nove euros con noventa e dous céntimos de euros (6.849,92€), que se ingresará no prazo de dous meses dende a sinatura do convenio co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.

II.- Que visto o informe da intervención provincial de data 19 de outubro de 2023 de fiscalización previa á aprobación do convenio de Fornelos de Montes, no que se indica que na cláusula segunda do convenio ou, no seu caso mediante unha addenda ao mesmo “*debe detallarse a identificación e ubicación precisa das instalacións de titularidade municipal nas que vaise a levar a cabo a actuación obxecto do convenio*”. E tendo en conta tamén a suxestión da Intervención provincial sobre a modificación do prazo de ingreso do importe a ingresar por parte do concello.

III. – Que dada a coincidencia de obxectivos e o interese común de ambas administracións, manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á modificación da cláusula segunda “*ámbito de actuación*” e da cláusula terceira de “*importe e financiamento*” do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de Fornelos de Montes para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto denominado IDAE núm. PR-D5000-2021-000382 “*Iluminación exterior sostible XV: Instalacións de alumado eficiente e intelixente nos municipios de A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño*” asinado en data 23 de outubro de 2023, con arranxo aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- As partes acordan modificar a cláusula segunda do convenio, relativa ao ámbito de actuación, e quedando redactada do seguinte xeito:



“Segunda. Ámbito de actuación

Concello de Fornelos de Montes	
Fornelos de Montes	<p>No concello de Fornelos de Montes vaise a actuar en 234 luminarias das 1.327 totais existentes no municipio, substituíndo 234 luminarias por novas de tecnoloxía LED. Estas luminarias atópanse en Sequeiros-Borbén SN.</p> <p>Respecto a os cadros de mando, o proxecto contempla actuacións en 2 dos 31 existentes no municipio, os cales van ser reformados para adaptalos á normativa vixente. Ademais, instalarase un sistema de tele xestión nos cadros de mando que permita obter e xestionar información detallada sobre consumos, mantemento e fluxos luminosos. Con esta actuación diminuírase a potencia de 37,55 kW a 11,73 kW e conseguirase un aforro enerxético estimado do 69%.</p>

”.

Segundo.- As partes acordan modificar o noveno parágrafo da cláusula terceira do convenio, denominada “importe e financiamento”, e quedando redactado do seguinte xeito:

“O Concello financiará o importe restante, é dicir, seis mil oitocentos corenta e nove euros con noventa e dous céntimos de euros (6.849,92€). A liquidación correspondente a dito importe será notificada no momento do procedemento oportuno polo Negociado de Xestión de Recursos Económicos. Na citada notificación seranlle indicados os prazos e lugares de ingreso co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes”.

Terceiro.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 23 de outubro de 2023 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de Fornelos
de Montes

Asdo.: Emiliano Lage Rodríguez

O Presidente da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Luis López Diéguez

O secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

